



NARÓN

Datos Do Expediente:

PROCEDEMENTO ABERTO	
Unidade Tramitadora:	
Contratacion e Obras Publicas - BRA	
Número expediente:	Documento:
CON/92/2012	CONXI09U
6Z2123670R2X0Q600CAB	

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

Na Sala de Xuntas, ás dez horas do día 2 de agosto de 2013, reúnese a Mesa de Contratación do procedemento aberto convocado para contratación do servizo de “Xestión de aula CEMIT de imparticións de acción formativas na zona rural”, quedando integrada por:.

Preside o acto: D. Guillermo Sánchez Fojo, alcalde accidental.

Secretario: Ignacio Mazaira Garro, xefe da sección de Contratación

Vogais: D. Manuel G. Antón Villamil, Interventor Municipal; Dna. Pilar Suanzes Hyde, secretaria xeral accidental e D. Manuel Rodríguez Álvarez, Técnico de Información e Comunicación.

O secretario da mesa da conta do recurso interposto pola empresa PROSEM CONSULTORIA ESTRATEGICA SL e da resolución do órgano de contratación pola que se acepta este recurso e se admiten por tanto as ofertas presentadas pola recorrente e pola empresa CONSULTING ORBERE SLU.

A Mesa procede á apertura e análise da documentación administrativa presentada por ambas as dúas empresas co seguinte resultado:

PROSEM CONSULTORIA ESTRATEGICA SL: Vista a xustificación da solvencia técnica, na que non se inclúe ningún curso incluído no catálogo dos cursos CEMIT, pero si diversos cursos de formación relativos ás Tecnoloxías de Información e Comunicación, e comprobado que no ano 2011 só se xustifica un curso relacionado con estas tecnoloxías, existe por tanto un incumprimento do esixido no apartado 12 do Anexo I do prego de cláusulas administrativas particulares que rexe esta contratación, e que establece como requisitos mínimos de solvencia “que as empresas licitadoras cada ano dos últimos tres realizaran polo menos tres traballos semellantes ao que se contrata”, polo que se procede ao rexeitamento da oferta presentada por esta empresa.

CONSULTING ORBERE SLU: Non acredita a solvencia económica e financeira nin a solvencia técnica e non presenta o compromiso de adscrición de medios persoais e materiais suficientes para a execución do contrato.

Pola Mesa de contratación acórdase conceder á empresa **CONSULTING ORBERE SLU** un prazo de tres días para que presente na Sección de Contratación os documentos precisos para a subsanación correspondente, de non presentarse a documentación esixida, esta fose errónea ou non cumprise co establecido no prego de condicións, esta non será admitida.

Celebrarase unha nova sesión ao día seguinte hábil á expiración do prazo concedido para o arranxo de erros na documentación, co gallo de proceder a determinar as empresas admitidas á licitación e posterior apertura do sobre “C”.



NARÓN

Sendo as dez horas e vinte e cinco minutos deuse por rematado o acto, do que como Secretario dou fe, na data indicada no encabezamento, estendéndose esta acta que asina en proba de conformidade o Sr. Presidente da Mesa.

Vº e Prace
O PRESIDENTE DA MESA